



## **O TEU PASADO, O MEU PRESENTE**

Este proxecto pretende pór en valor a importancia das persoas que viviron o pasado no rural. Un pasado creador e modulador deste presente ó que hoxe en día nos enfrontamos. Así pois a acción emerxe no CEIP EDUARDO CELA VILA, situado nun pequeno alto nas saias do Monte Oribio, en Triacastela.

Neste municipio da Montaña Lucense a vida pasa máis amodo, transcorrendo ó son do piar dos paxaros, do luar das vacas e do correr do vento. As conversas xiran arredor dos partos naturais do gando, do temporal de neve que cinguiu de branco o noso concello, dos peregrinos que día tras día amosan o seu abraio ó contemplar os encantos da zona... os problemas do mundo exterior non semellan ter cabida no ciclo vital dos habitantes de Triacastela.

No concello habitan verdadeiras xoias de inmenso valor natural, cultural e artístico:

- O Monte Oribio, unha das serras máis imponentes e valiosas de Galicia. O seu punto máis alto elévase 1.447 metros. É unha das portas de entrada á Serra do Courel e ó Val de Lóuzara.

- O Río Oribio. Nace no concello de Triacastela, en plena montaña, nutrindo de vida os espazos do pobo. No colexio están a desenvolver durante o presente curso escolar o proxecto “Navegando polo Río Oribio”, cuxos obxectivos son:

- ✓ Valorar o patrimonio natural próximo.
- ✓ Descubrir o ecosistema do río, traballando especies vexetais e animais.
- ✓ Acordar, establecer e executar actos de reciclaxe no propio río.
- ✓ Elaborar e difundir medidas e iniciativas para conservar o río.
- ✓ Descubrir a importancia do río nas formas de vida de antano, chegando ata a súa importancia no presente.
- ✓ Relacionar de xeito interdisciplinar o traballo do proxecto coas diferentes materias, tanto na Educación Infantil como na Primaria.
- ✓ Implicar a toda a comunidade educativa do centro (alumnado, profesorado, familias, cociñeira, persoal de limpeza...) no desenvolvemento do proxecto.
- ✓ Elaborar producións que dignifiquen a importancia de coidar e preservar o bo estado do río. Tamén unha produción final que culmine o proceso vivido.
- ✓ Contactar e coordinar accións medioambientais con outros centros da contorna.
- ✓ Fomentar a participación activa, autónoma e responsable do alumnado.
- ✓ Fortalecer o vínculo afectivo e emocional do alumnado coa súa contorna, especialmente co río Oribio.

- O castiñeiro centenario de Ramil, unha árbore senlleira cunha idade que ronda os oitocentos anos.
- A nogueira do Camiño Vello, localizada ó carón da vella Ferrería.
- A Cova de Eirós, unha gruta natural situada no lugar de Cancelo, na parroquia da Vilavella. Nesta caverna duns 780 metros de altitude alberga indicios da prehistoria da humanidade, concretamente do Paleolítico Superior e do Paleolítico Medio; ademais, ten un alto valor artístico polas fermosas pinturas rupestres que ademais sitúan nela as orixes da humanidade.
- A Capela de San Mamede, un místico e máxico lugar onde se mestura a natureza, a tradición e a fe.
- A alvariza reacondicionada e rehabilitada pola Fundación do Oso Pardo e polo propio Concello de Triacastela. Neste enclave histórico o alumnado e profesorado do CEIP Eduardo Cela Vila desenvolveu unha actividade didáctica sobre a apicultura e a importancia do oso nas nosas serras.
- O Monumento ó Peregrino, localizado na mesma praza do Concello.
- A antiga Ferrería, que actualmente se atopa en proceso de remodelación.
- A igrexa de Triacastela, que data dos séculos IX-XI, cun estilo románico principalmente.
- A igrexa de Toldaos, do Século XII e tamén de estilo románico.
- O CEIP Eduardo Cela Vila, un ente educativo que pretende integrar a toda as persoas do concello dentro do seu quefacer diario. A escola, funcionando como comunidade de aprendizaxe, pretende integrar o saber popular, as lendas, as tradicións e a cultura dos antepasados que deron vida e formaron o legado que hoxe en día poñemos en practica.

É así como emerxe a forza deste proxecto, dando voz e protagonismo ós nenos e nenas da escola, acompañadas do amor e da experiencia dos seus avós e avoas. Mais esta acción non pretende influír nun ámbito só familiar, tamén os veciños e veciñas de avanzada idade, os e as usuarias das tres casas do maior e calquera outra persoa que se ofrezca voluntaria, poderá plasmar o seu pensar e sentir na “Enciclopedia de Triacastela”. Esta iniciativa e, sobre todo a produción audiovisual que se axunta, tan só son o comezo dun ilusionante proxecto onde a mestura interxeracional amosará a riqueza da que día tras día temos a sorte de desfrutar.

En realidade, esta acción leva xerminando xa uns meses atrás: o primeiro contacto interxeracional que tivemos foi o pasado outubro, coa visita dos usuarios e usuarias das tres casas do maior que alberga o concello. Alumnado e maiores desfrutaron da visualización do documental de Elías Valiña, o cura do Cebreiro, gran impulsor do Camiño de Santiago. A partir desa xuntanza, profesorado, ANPA, concello e demais persoal desta comunidade de aprendizaxe, comprendemos a importancia de ligar a escola ó contexto natural e social na que se inclúe, facendo especial fincapé nas persoas maiores que con tanto empeño, sacrificio e paixón construíron o presente do que hoxe en día podemos gozar.

A partir desa primeira experiencia, decidimos incluír ás familias e especialmente ós avós e avoas no noso día a día: preguntámoslles pola importancia e o uso que lle daban ó Río Oribio, celebramos xuntos o Samaín e o magosto, festexamos o Nadal, convidámoslos ó Antroido (como ben din eles) que celebramos cos nosos amigos e amigas do CEIP de Samos, despedimos o 2º trimestre e démoslle a benvida a primavera creando o mural “A primavera das familias”, onde xuntos formamos as flores que dan vida á entrada da escola.

Este proxecto vai para todos e todas elas. É un alento, un desexo, un motivo para que teñan por seguro que dende o CEIP Eduardo Cela Vila seguiremos loitando polo noso rural, porque ten pasado, ten presente e terá futuro.

Rematando, anticipamos que a produción audiovisual e as imaxes que verán, así como esta mesma memoria, están repletas da paixón, esperanza e da ilusión que día tras día nos transmiten os nosos maiores; uns sentimentos, uns valores e en definitiva unha forma de vivir que sempre permanecerá en calquera recuncho de Triacastela.

Un cordial saúdo.